

PSX

A CATEGORÍA ESQUECIDA NA ATENCIÓN PRIMARIA

Despois de 30 anos da creación da categoría estatutaria de PSX no ano 1996, as profesionais ven como **a categoría asume novas competencias e manexa cada vez máis aplicacións e ferramentas informáticas: XIDE, CRM100...**

O único que non mudou é que **segue a ser unha categoría polivalente** e que continúa a ser o primeiro contacto coas usuarias e usuarios dos centros de saúde, **sostendo o funcionamento diario da atención primaria.**



Seguimos:

- **Con áreas administrativas obsoletas:**

- Falta total de confidencialidade.
- Sen espazos adecuados para a atención de persoas con mobilidade reducida ou con algunha discapacidade.
- Sen posibilidade real de adaptación dos postos para o propio persoal PSX cando existen problemas de saúde.

- **Cun número de persoal PSX totalmente arbitrario nos centros:**

- Non se axustan á carteira de servizos do centro.
- Non se axustan ao volume de poboación asignado ao centro.

- **Sen a convocatoria de Xefaturas de Equipo:**

- Que permitan establecer unha coordinación real da categoría, imprescindible nos centros con maior volume de persoal e actividade.

- **Cun sistema retributivo totalmente obsoleto:**

- Que deba adecuarse en función das carteiras de servizos dos distintos centros, ligando as retribucións ás TIS, ao igual que no resto de categorías de atención primaria.

A realidade é clara: a categoría PSX sostén boa parte do funcionamento do sistema sanitario, mais continúa invisibilizada, e sen recoñecemento real.



CIG-Saúde reivindicamos condicións laborais e retributivas dignas.

Non é unha categoría auxiliar nin secundaria!

